



RESOLUCIÓN do 21 de abril de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se modifica a Resolución do 15 de febreiro de 2021 pola que se convoca a proba para a obtención do título de bacharel para maiores de vinte anos e se ditan instrucións para a súa realización (código de procedemento ED534A)

A Orde do 10 de febreiro de 2012, modificada pola Orde do 22 de decembro de 2016, pola que se regula a proba para a obtención do título de bacharel para persoas maiores de vinte anos na Comunidade Autónoma de Galicia, fixa as disposicións de carácter xeral que regulan esa proba e establece que será convocada anualmente pola Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional mediante resolución.

En consecuencia, e ao abeiro da autorización que figura na disposición derradeira primeira da mencionada orde,

RESOLVO:

1. Obxecto e ámbito de aplicación

Esta resolución ten por obxecto modificar a data e o lugar de publicación das listaxes coas cualificacións provisionais e definitivas da proba.

2. Cualificacións provisionais

O día 11 de maio de 2021 farase pública a listaxe provisional das persoas avaliadas coas cualificacións positivas, por exercicios, no portal educativo <https://www.edu.xunta.gal>.

3. Cualificacións definitivas

O día 20 de maio de 2021 farase pública a listaxe definitiva das persoas avaliadas coas cualificacións positivas, por exercicios, no portal educativo <https://www.edu.xunta.gal>.

José Luis Mira Lema

Secretario Xeral de Educación e Formación Provisional

